



1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Prácticas de Interpretación e Sistemas de Interpretación
DISCIPLINA	Traballo de Fin de Estudos
TITULACIÓN	Título Superior en Arte Dramática
ESPECIALIDADE	Interpretación
ITINERARIO	Textual
CURSO	4º
CRÉDITOS ECTS	12
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Interpretación
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	María Francelina Crespo Méndez
DOCENTES	Todos os docentes en activo na ESAD de Galicia
DESCRIPCIÓN	Elaboración, e posterior defensa, diante dun tribunal, dun traballo de carácter escénico, coa correspondente memoria, que permita unha demostración empírica de ter adquirido as competencias transversais, xerais e específicas da titulación e do itinerario.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Ter aprobadas todas as disciplinas da especialidade/itinerario.
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Portugués <input type="checkbox"/>

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T4	Empregar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
T5	Comprender e utilizar, cando menos, unha lingua estranxeira no ámbito do seu desenvolvemento profesional.
T6	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersoal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.
T10	Liderar e xestionar grupos de traballo.
T11	Desenvolver na práctica profesional unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara á diversidade.
T12	Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais, artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional seleccionando os canais axeitados de formación continuada posterior.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xénese de proxectos, ideas e solucións viables.



T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
T16	Usar os medios e recursos ao alcance con responsabilidade cara o patrimonio cultural e medioambiental.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X2	Comprender psicolóxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose ás demais persoas e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X4	Comunicar, mostrando capacidade suficiente de negociación e organización do traballo en grupo, a integración en contextos culturais diversos e o uso das novas tecnoloxías.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á auto formación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
X7	Valorar a Arte Escénica como una actividade integrada na sociedade e na cultura galega, coas que comparte obxectivos e retos.
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE	
E11	Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.
E12	Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas.
E13	Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.
E14	Planificar e desenvolver programas específicos de intervención teatral e/ou performativa.
E15	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.
E16	Estudar o feito escénico a partires de diferentes concepcións escénicas, métodos, procedementos e coñecer aspectos básicos da investigación escénica.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
Pactar a creación teatral para sintetizar todos os aspectos da formación, que corresponden a un/ha artista, creador/a, intérprete e comunicador/a escénico/a para desenvolver unha visión artística persoal que se combina coa de outros/as creadores participando nun proxecto artístico común. Isto implica a elaboración, presentación e defensa dun traballo escénico, acompañado da correspondente memoria.	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T7, T8, T9, T10, T11, T12, T13, T14, T15, T16, T17, X1, X2, X3, X4, X5, X6, X7, X8, E11, E12, E13, E14, E15, E16



4. CONTIDOS	
TEMAS	SESIÓNS
Elaboración dun proxecto en función do deseño proposto e aprobado polo profesorado responsable <ol style="list-style-type: none"> 1. Claves xerais 2. Planificación 3. Deseño 4. Realización 5. Exhibición 6. Memoria 7. Defensa 	180 horas
TOTAL SESIÓNS	

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE
Cada titor/a axudará ao alumnado a planificar e por en escena o traballo fin de estudos, na elaboración da memoria e na preparación da defensa, actuando como un mentor.

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE	
Actividades	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o proxecto e os pasos a seguir.
Proxectos	Realización de actividades que permiten a cooperación de varias disciplinas e enfrontan ao alumnado, traballando en equipo, a problemas abertos para desenvolver un proxecto.
Resolución de problemas	O alumnado debe atopar as solucións axeitadas ou correctas mediante a experimentación, a investigación e a procura.
Debates	Charla aberta que pode centrarse nun tema, na análise dun caso, no resultado dun exercicio ou problema do proxecto.
Tutorías	Entrevistas que o alumnado mantén co profesorado para asesoramento/desenvolvemento do proceso do proxecto.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA	
Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Tutoría presencial</i> : O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inquedanzas que xurdan en cada caso. <i>Tutoría electrónica</i> : O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.



8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

O alumnado debe atender ás peticións da Xefatura de estudos e o servizo de Produción e Creación para convir a súa data de presentación e defensa.

A cualificación do TFE será feita por un tribunal nomeado a tal efecto, que se baseará na rúbrica acordada polo departamento de interpretación, dispoñible na web <https://esadgalicia.com/es/calidad/> AC701.05 Acta cualificación TFE profesorado

RÚBRICA		Ponderación
PRESENTACIÓN PÚBLICA DO OBXECTO DO PROXECTO	Domina os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.	70%
	Participa na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e intérpretao adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas.	
	Integra e interactúa coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.	
	Sabe diferenciar, no seu uso, os elementos constitutivos da voz falada (rexistros, entoacións, inflexións, ritmo, tempo, pausas...) e domina a técnica vocal (apoio, resonancia, proxección...), para unha óptima creación vocal do personaxe.	
MEMORIA DO PROXECTO	Expón expresamente e con claridade os elementos establecidos na presentación da memoria escrita.	20%
	Desenvolve unha metodoloxía de traballo e estudo para adaptarse a diversas situacións.	
	Concibe e fundamenta o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.	
	Estuda o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñece aspectos básicos da investigación escénica.	
DEFENSA	Presenta dun xeito claro e coherente os obxectivos e contidos do proxecto.	10%
	Desenvolve razoada e criticamente ideas e argumentos, con corrección lingüística e un uso adecuado do vocabulario específico da profesión.	
	Realiza autocritica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.	
	Adecúa as respostas ás cuestións formuladas polos membros do tribunal.	



9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

REFERENCIAS BÁSICAS

Cada titor/a orientará ao alumnado na selección e busca das referencias bibliográficas, materiais e outros recursos específicos para o seu proxecto.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

DISCIPLINAS CON CONTIDOS PROGRESIVOS: Para ser avaliado nesta disciplina, hai que ter aprobadas todas as disciplinas do itinerario.

O alumnado que opte por realizar un traballo cunha orientación educativa ou investigadora debe seguir, coa orientación da persoa que exerza o rol de titor/a, as instrucións contidas nos documentos do Manual de Calidade: PC701.04 e IP701.17.